Máis concretamente na área que nos ocupa, a competencia matemática é unha capacidade na que interveñen múltiples factores: coñecementos específicos da materia, formas de pensamento, hábitos, destrezas, actitudes, etc. Todos eles están intimamente mesturados e enlazados de modo que, lonxe de seren independentes, a consecución de cada un é concomitante coa dos demais. A finalidade fundamental do ensino das matemáticas é o desenvolvemento da facultade de razoamento e de abstracción.

Os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa: Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ó clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

- Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración de aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Motivación: Debemos ter en conta partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo no grupo.

Atención a diversidade: A nosa intervención cos alumnos e alumnas debe asumir como un dos principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións.

O enfoque metodolóxico na área de Matemáticas estará baseado en tres principios básicos:

- A aprendizaxe debe ser froito dunha intensa actividade do alumno, baseada na observación, formulación de preguntas, formulación de hipóteses, relación con coñecementos previos, intercambio de puntos de vista, etc.
- O alumno ten que ser protagonista do proceso de aprendizaxe. A construción do coñecemento matemático é inseparable da intuición e das aproximacións inductivas impostas pola realización de tarefas concretas, próximas aos coñecementos dos alumnos.
- O profesor ten que actuar como elemento canalizador e dinamizador do proceso, expoñendo unha ampla gama de situacións, en diferentes contextos que axuden ao alumno a avanzar do concreto ao abstracto.

5.1.2.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Tomando de referencia estes principios básicos, as directrices metodolóxicas que se porán en práctica para desenvolver as unidades didácticas desta programación son as seguintes:

- A metodoloxía deberá adaptarse a cada grupo de alumnos e situación, rentabilizando ó máximo os recursos dispoñibles.
- O desenvolvemento de cada unidade debe estar inspirado na idea de que é o alumno o que vai construíndo, modificando e enriquecendo os seus esquemas conceptuais. Neste sentido é fundamental iniciar todo proceso de ensino/aprendizaxe partindo dos coñecementos previos que sobre o tema a estudar xa posúen os alumnos.
- A introdución dos conceptos debe facerse de forma intuitiva e buscar, cando fose posible, o rigor matemático, axeitando sempre a metodoloxía utilizada a capacidade de formalización que ao longo da etapa irá desenvolvendo o alumno. O desenvolvemento das actividades de cada unidade debe basearse en aproximacións inductivas do alumno xurdidas de seu propia actividade ao longo da realización de tarefas concretas. En ningún caso, a conceptualización, formalización e simbolización deben preceder á comprensión de conceptos e relaciónsextraídas da actividade real e de outras áreas do currículo.
- A resolución de problemas –metodoloxía heurística - é o marco metodolóxico no que se produce a aprendizaxe significativa, por iso debe contemplarse como unha práctica habitual integrada en todas e cada unha das facetas que conforman o proceso de ensino e aprendizaxe, e especialmente, nesta etapa, vinculada coas situacións cotiás.
- Habituarse aos alumnos a expresarse oral, escrita e graficamente en situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente, mediante a adquisición e o manexo dun vocabulario específico de anotacións e termos matemáticos.
- Empregar e potenciar o uso da calculadora e de certos programas informáticos, non só como actividade motivadora, senón tamén coma recurso investigador no análise de propiedades e relacións numéricas e gráficas. En este tipo de recursos deberá fomentarse un uso racional dos mesmos co fin de servirse deles pero evitando

a súa indefensión diante da necesidade, por exemplo, de realizar un cálculo sinxelo cando non ten a man a calculadora.

- Propor o traballo en equipo plantexando problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión, co fin de facilitar o desenvolvemento de certos hábitos de traballo que contribúen a que os alumnos propoñan as súas estratexias de resolución de problemas e defendan con argumentos as súas ideas permitíndolles comparar distintos criterios para poder seleccionar a resposta máis axeitada e responsabilizándoos no cumprimento de tarefas concretas entre os alumnos.
- Fomentar nos alumnos a práctica do control persoal, da autocorrección e da autoavaliación.
- Facer un seguimento continuado dos traballos realizados polos alumnos co fin de facer as correccións oportunas ó seu método de estudo, procurando que desenvolvan o grao de confianza en si mesmos necesario para abordar o coñecemento da materia.
- Recalcar a unidade intrínseca da matemática e cando sexa posible dar unha visión xeral de certas etapas históricas dos conceptos e descubrimentos matemáticos, así coma situalos na historia da ciencia.

Ademáis no Bacharelato terase en conta a capacidade de autonomía persoal para aprender e superar as dificultades.

En cada unidade tratarase de incluír os seguintes tipos de actividades:

- Exercicios resoltos para a adquisición de destrezas procedimentais.
- Actividades de aplicación dos novos coñecementos.
- Actividades para a construción e a comprensión de novos conceptos.
- Actividades de carácter práctico, manipulativo e construtivo.
- Actividades interactivas que se realizarán empregando ferramentas tecnolóxicas nas que sexan capaces de interpretar a situación e aplicar os contidos matemáticos adecuados.

5.1.3.- SECUENCIA HABITUAL DE TRABALLO NA AULA

Aínda que esta secuencia pode variar segundo a natureza do bloque de contidos ou do tema que se vaia a traballar, así como das características do alumnado pode plantexarse a seguinte secuencia de traballo na aula:

- Plantexar un problema ou situación susceptible de ser resolta cos novos contidos a tratar: Propúgnase unha aprendizaxe construtivista: quen aprende faíno construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engrenar, tanto polo seu grao de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense xuntar niveis de partida sinxelos, moi alcanzables para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar os alumnos e as alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. A adquisición dos conceptos farase de forma intuitiva, adquirindo rigor matemático a medida que o alumnado avanza

- Aplicación dos conceptos aprendidos de xeito individual: É importante a vinculación a contextos reais dos traballos propostos, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos. Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que se pretende que adquiran.
- Proposta de traballos en grupo colaborador ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión do alumnado, xa que, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis adecuada para a situación problemática formulada.
- Resolución de problemas.
- Avaliación: A avaliación dos estándares de aprendizaxe con probas específicas non se realizará en xeral en cada unidade de xeito aislado senón que se levará a cabo unha avaliación continua por bloques de contidos nos que tamén serán avaliados outros estándares de aprendizaxe xa traballados e que están relacionados cos do novo tema. Tamén se avaliará o traballo individual, o traballo en grupo, a observación na aula e o caderno de clase.

5.1.4 .- METODOLOXÍA NO ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de que nalgún momento do curso sexa necesario implementar o ensino non presencial, empregaranse a aula virtual e a plataforma Webex como ferramentas fundamentais; ou ben, outras aplicacións similares e coa mesma finalidade se así é acordado entre o profesorado e o alumnado. A través das videochamadas o profesorado explicará os conceptos fundamentais para o desenvolvemento das unidades didácticas. Ditas explicacións apoiaranse no libro de texto, presentacións con diapositivas, vídeos, material elaborado polo profesor, etc. que estará a disposición do alumnado na aula virtual do curso (ou plataforma similar). De igual modo, as actividades e tarefas que o alumnado deberá elaborar serán indicadas en dita plataforma, así como o prazo e modo de entrega.

A metodoloxía de traballo seguirá os seguintes pasos de modo xeral (ver **Anexo I**):

1. Explicación/repaso de contidos teórico e exemplos prácticos por medio de videochamadas, vídeos tutoriais, presentacións, esquemas, etc.
2. Resolución polo alumnado dos exercicios, problemas ou traballos propostos polo/a profesor/a. Neste proceso poderán consultar ao profesor/a calquera dúbida que poda xurdir.

3. Recollida de ditas tarefas para a súa corrección e valoración e/ou realización dunha proba telemática.

No caso de que algún alumno/a non dispoña de conectividade (en principio non se da dita circunstancia), o/a profesor/a e o/a alumno/a en cuestión acordarán outra metodoloxía de traballo que permita ao alumno desenvolver as mesmas tarefas co resto dos seus compañeiros, sen que a brecha dixital supoña ningún prexuízo para el/ela.

5.2.- OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

5.2.1.- AGRUPAMENTOS

Neste curso non hai agrupamentos específicos na materia de Matemáticas en ningún grupo.

5.2.2.- TEMPOS

A temporalización e a secuenciación de contidos e a posterior avaliación de estándares de aprendizaxe adecuarase as características do alumnado partindo da avaliación inicial e seguindo co desenvolvemento do curso.

5.2.3.- ESPAZOS

As clases desenvolveranse na aula de matemáticas na que se dispón de varios ordenadores, canón e pizarra dixital. Cando o desenvolvemento das actividades de carácter interactivo ou ben a realización de traballos tanto individual como en grupo así o precise empregaranse unha das aulas TIC que ten o centro na que ademais das ferramentas anteriores cada alumno dispón do seu propio ordenador.

5.2.4.- MATERIAIS

Os libros de texto que se empregarán nos diferentes niveis son os da Editorial Anaya. Ademais tamén se fará uso dos recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación do libro do profesor así coma as actividades propostas na web de Anaya do profesorado e do alumnado, e noutros repositorios dixitais e aplicacións. Todo o material estará á disposición do alumnado na aula virtual do curso.

Neste curso implántase o programa Edixgal en tódolos cursos da ESO, polo que farase uso dos ordenadores que o programa otorga ao alumnado, así como do material dixital dispoñible. O uso de ordenadores nos demais niveis, así como das plataformas educativas e programas informáticos estará suxeito á posibilidade de empregar a aula de informática.

Por outra banda, e a pesar da utilidade e importancia do material manipulativo, este ano o seu uso queda descartado pola imposibilidade de compartir dito material entre o alumnado. De cambiar a situación sanitaria implementarse o seu uso na medida do posible.

5.2.5.- RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaráse material tecnolóxico adecuado para poder traballar con unidades didácticas e actividades interactivas en JCLIC, Hotpotatoes, Descartes, etc. que nos permitan introducir, afianzar, profundizar e atender a diversidade que temos nas aulas. Tamén podemos recurrir tamén os contidos de algunhas páxinas web nos que se atopan multitude de actividades e problemas.

Máis concretamente e en función dos contidos a desenvolver programados en cada unidade farase uso de:

- Caderno ou diario de clase no que os alumnos/as organizarán o seu traballo seguindo determinadas normas.
- Calculadoras científicas.
- Informacións en prensa con contidos de tipo numérico, xeométrico, estatístico, etc.
- Mapas topográficos e outras representacións a escala.
- Internet.
- Software específico: MathCad, Mathematica, Geogebra, Wiris, Kahoot, Flash e Excel.
- Unidades didácticas interactivas en JCLIC, Descartes o Webquest.
- Actividades interactivas en Hotpotatoes que se poden atopar en distintas páxinas web.
- Plataforma MOODLE da páxina web do centro.
- Blogs de aula.

6.- AVALIACIÓN

A avaliación ten como finalidade verificar a adecuación do proceso de ensino ás características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras pertinentes na actuación docente cun carácter continuo e formativo.

A avaliación require realizar unha serie de observacións de maneira sistemática, que permitan ao profesor emitir unha valoración sobre o rumbo da aprendizaxe. Os procedementos e instrumentos de avaliación que se apliquen nos distintos momentos deben contextualizarse á situación específica do grupo – clase en cuestión.

6.1.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial permite coñecer os coñecementos e as competencias que o alumno posúe ao comezo de curso. Con esta primeira avaliación obtemos información inicial do alumno e do grupo en xeral, ao comezar un determinado proceso de ensino-aprendizaxe e así poder axeitar este proceso as súas posibilidades.

Para realizar esta avaliación tomaranse de referencia os indicadores que establecen os estándares de aprendizaxe de grao de consecución máxima do curso anterior. No caso de 1º de ESO utilizaranse os indicadores dos estándares de aprendizaxe que se establecen no currículo de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (*DECRETO 105/2014, de 4 de setembro,*). Realizaranse todo tipo de probas, tanto orais como escritas, para comprobar o nivel competencial e a capacidade do alumnado en cálculo, raciocinio matemático e coñecementos

previos.

No resto dos niveis realizaranse tamén distintas probas, entre as cales está unha proba escrita que será para cada curso o exame de setembro do curso académico anterior, por considerar este exame coma un reflexo da avaliación dos estándares de aprendizaxe cun grao de consecución máxima necesarios para acreditar os coñecementos mínimos para seguir aprendendo.

A avaliación inicial realízase a comezos do mes de outubro e informarase ás familias a través das titorías individuais.

6.2.- ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (2º BACHARELATO)

Os alumnos que cursen Matemáticas II (ou Matemáticas aplicadas ás CCSS II) sen ter cursado as Matemáticas I (ou respectivamente as Matemáticas aplicadas ás CCSS I) terán que seguir o programa de pendentes deseñado para os alumnos que non superaran as materias de Matemáticas I (ou respectivamente as Matemáticas aplicadas ás CCSS I).

6.3.- PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación continua realizarase tendo en conta os instrumentos de avaliación empregados:

- Probas específicas (orais ou escritas).
- Traballo individual
- Traballo en grupo
- Caderno de clase.
- Observación da clase

Cada estándar de aprendizaxe avaliarase con dous instrumentos de avaliación: unha proba específica (oral ou escrita) e traballo individual, traballo en grupo, observación da clase ou caderno de clase.

Realizaranse entre **dúas e catro probas específicas en cada avaliación**. En cada proba avaliaranse os estándares de aprendizaxe propios da/s unidade/s didáctica/s implicadas, así como os estándares do Bloque 1 que se consideren axeitados por seren transversais á materia. No cadro seguinte refléxase a composición de cada proba en canto os estándares de aprendizaxe avaliábeis se refire:

NAS PROBAS ESPECÍFICAS AVALIARANSE	Estándares de aprendizaxe cun grao de consecución do 100%	Suporán como mínimo un 60% da totalidade da proba
	Estándares de aprendizaxe cun grao de consecución do 70%	Suporán como máximo un 40% da totalidade da proba.

Para obter **a nota correspondente ás probas específicas** realizadas na avaliación calcularase a **media aritmética** entre as notas obtidas nas mesmas, sempre que en todas as probas o/a alumno/a acade un **mínimo de 3,25** puntos sobre 10. No caso de que algunha das notas obtidas sexa inferior a 3,25, a cualificación será como máximo un 4 na avaliación (aínda que a media resulte nunha nota superior), de modo que o/a alumno/a obterá unha cualificación de

suspenso.

Os **outros instrumentos de avaliación** empregados serán avaliados con rexistro de observación do caderno e de participación na clase e rúbricas de traballos escritos e de avaliación no traballo cooperativo.

O **criterio de cualificación** da nota da cada avaliación variará en función do curso en cuestión, tal e como se amosa no seguinte cadro:

CURSO/GRUPO		1º e 2º ESO	3º e 4º ESO Mat. Aplicadas	3º e 4º ESO Mat. Académicas	1º e 2º BAC
AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	A: PROBAS ESPECÍFICAS	80%	80%	70%	100 - 90%
	B: TRABALLO INDIVIDUAL, TRABALLO EN GRUPO E/OU CADERNO DE CLASE:	20%	20%	30%	0-10%
NOTA DA AVALIACIÓN		$A*0,8+B*0,2$	$A*0,8+B*0,2$	$A*0,7+B*0,3$	A $A*0,9+B*0,1$

Cando haxa decimais neste resultado **redondearase a nota matematicamente**, se a cifra das décimas e 5 ou superior aumentarase unha unidade, en caso contrario non se aumentará nada.

Os/as alumnos/as que na nota da avaliación non alcancen o 5 realizarán un **exame de recuperación**, que poderá ser antes ou despois da avaliación en función do tempo dispoñible. En dita proba avaliaranse os estándares de aprendizaxe traballados en dita avaliación. A nota correspondente ao traballo individual, en grupo e caderno de clase manterase para calcular a nota da avaliación aplicando os menos criterios de cualificación recollidos con anterioridade.

A actitude que permita o alumnado saír beneficiado inxustamente, ou que teña consecuencias sobre a avaliación doutro alumno (por exemplo, condutas inapropiadas nun exame, introducir material non autorizado ao aula do exame, copiar por calquera método, etc.) será penalizada coa puntuación dun cero en devandito exame. A reincidencia deste comportamento converterase nunha falta grave tipificada no NOF.

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación, terán que realizar actividades de reforzo que incidirán naqueles conceptos e procedementos que non superaron, co obxecto de acadar o ritmo de aprendizaxe necesario para seguir adquirindo a competencia matemática e as outras competencias claves que se perseguen ó finalizar ó curso.

Tamén se proporán:

- Actividades secuenciadas segundo o grao de complexidade que permitan traballar os mesmos contidos con esixencias distintas. Estas actividades prevense, en cada unidade, con carácter xeral para todo o alumnado.
- Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lento (alumnos con necesidades educativas especiais) e que faciliten o desenvolvemento das súas capacidades.

- Actividades de auto-avaliación, que non sexan percibidas polos alumnos como diferenciadas con respecto a outro tipo de actividades, que permitan aos alumnos unha valoración da súa aprendizaxe. e reaxustar permanentemente os procesos educativos.
- Como estratexia, pódese considerar diferentes formas de agrupamento na aula.

6.4.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

O cálculo da **nota final** será a media aritmética de tódalas avaliacións tomando como nota de cada avaliación o valor exacto da aplicación dos porcentaxes correspondentes e non a nota redondeada que aparece nos boletíns trimestrais de avaliación. Para os alumnos/as que superen o iguallen o cinco esta media (tendo en conta o redondeo aplicado en cada avaliación) terán a materia aprobada e esta será a nota de xuño.

Cando haxa decimais neste resultado redondearase a nota matematicamente, se a cifra das décimas e 5 ou superior aumentarase unha unidade, en caso contrario non se aumentará nada.

Para aqueles alumnos/as que na media aritmética de tódalas avaliacións non alcancen o cinco e teñan polo menos unha avaliación aprobada terán que facer un **exame final no que se avaliarán os estándares de aprendizaxe dos bloques de contidos das avaliacións non superadas**, nas mesmas condicións que nas probas ordinarias. A **nota de xuño** destes/as alumnos/as será a media aritmética da nota deste exame final coas notas das avaliacións aprobadas.

6.5.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Por tratarse dunha convocatoria extraordinaria, e tal como se contempla na lexislación, para a avaliación do alumnado só se terá en conta a proba realizada polo alumnado en dita convocatoria extraordinaria. A nota deste exame redondearase ao nº natural polo redondeo matemático.

6.6.- PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado con materias pendentes doutros cursos poderá solicitar do departamento as orientacións que precise. Haberá á súa disposición material bibliográfico, exercicios, etc., para cada unha das materias.

Cada profesor/a, en coordinación co resto do departamento, propondrá exercicios e problemas periódicamente ao alumnado dos seus grupos que teña as Matemáticas pendentes de cursos anteriores. Ditos/as alumnos/as deberán resolver e entregar os exercicios propostos para a súa corrección e calificación. Tamén poderán solicitar axuda para resolver as súas dúbidas aos membros do departamento.

A materia obxecto de exame será a que figura na programación anual do centro correspondente ao curso 2020/2021.

Informarase a estes alumnos de que deberán presentarse á realización de probas extraordinarias para superar a materia pendente así como os contidos a superar, os obxectivos a alcanzar e os criterios a ter en conta para ser avaliados.

O procedemento para a cualificación das materias pendentes será o seguinte:

Os exames constarán de preguntas que puntuarán todas igual, salvo que se especifique a súa puntuación.

A convocatoria oficial (maio e setembro) farase pública no taboleiro de anuncios de secretaría e no do alumnado. Realizaranse en horario non lectivo, fixado por xefatura de estudos. O exame de maio será de toda a materia, o alumnado que non o supere terá que presentarse en setembro a un exame nas mesmas condicións que o anterior. Superará a materia pendente cando no exame de maio ou no de setembro a nota do exame sexa igual ou superior a 4,5 puntos.

O alumnado con materias pendentes, ademais das probas anteriores, poderá optar por fragmentar a materia ou materias pendentes en dúas partes examinándose dunha parte en xaneiro e da outra en marzo/abril, á volta das vacacións de Nadal e de Semana Santa, aproximadamente. Nestes dous exames terase en conta a entrega dos traballos realizados por o alumnado, engadindo a nota do seu exame a calificación dos exercicios (máximo 1 punto). O/a alumno/a que no primeiro exame máis a calificación dos exercicios obteña unha nota superior ou igual a 4,5 terá a primeira parte aprobada e no segundo exame soamente terá que examinarse dos contidos da segunda parte, se no segundo exame ocorre o mesmo terá a materia pendente aprobada. No caso de non superar a segunda parte, calcularíase a media aritmética das dúas partes sempre que acade un mínimo de 3,25 puntos. (exame + exercicios), se a media é igual ou superior a 4,5 terá a materia pendente aprobada.

No caso de non superar a primeira parte (exame + exercicios) o/a alumno/a examínase de toda a materia no segundo exame, terá que superar esta parte para aprobar a asignatura pendente neste momento. Quedándolle todavía a opción de examinarse de toda a materia nos exames oficiais nos que non contaría a nota dos exercicios.

En relación ás diferentes materias, os contidos obxecto de avaliación en cada unha destas probas parciais corresponderían a:

1º ESO

Unidades didácticas 1º exame	Unidades didácticas 2º exame
- Divisibilidade - Números enteiros - Fraccións. Operacións con fraccións. - Números decimais - Proporcionalidade e porcentaxes	- Álgebra - Xeometría plana - Funcións

2º ESO

Unidades didácticas 1º exame	Unidades didácticas 2º exame
- Os números enteiros. - Fraccións - Números decimais - Proporcionalidade numérica - Expresións alxébricas	- Ecuacións de primeiro e segundo grao - Sistemas de ecuacións - Xeometría plana e do espacio. - Funcións

3º ESO: MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS

Unidades didácticas 1º exame	Unidades didácticas 2º exame
Números racionais e irracionais. Progresións aritméticas e xeométricas Polinomios Ecuacións e sistemas	Área e volumes de poliedros Funcións lineares e cuadráticas Estatística

1º BAC: MATEMÁTICAS I

Unidades didácticas 1º exame	Unidades didácticas 2º exame
Os números reais Álgebra Razóns trigonométricas Resolución de triángulos. Números complexos	Xeometría analítica Funcións Continuidade, límites. Cálculo de derivadas.

1º BAC: MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I

Unidades didácticas 1º exame	Unidades didácticas 2º exame
Números reais Matemáticas financeira. Polinomios e fraccións alxébricas. Ecuacións, inecuacións e sistemas. Funcións	Límite dunha función. Derivada dunha función Estatística unidimensional Estatística bidimensional Probabilidade

7.- OUTRAS AVALIACIÓNS

7.1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DE PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

7.2.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

7.2.1.- Mecanismo revisión				
Con que periodicidade se revisará?				
Realizarase trimestralmente ao finalizar cada avaliación co obxectivo de reformular e adaptar os posibles desfases detectados e en qué aspectos da programación se deben levar a cabo				
7.2.2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica				
(Indicadores de logro)				
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				

21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8.1.- MEDIDAS ORDINARIAS ORGANIZATIVAS

As medidas organizativas de atención á diversidade que se propoñen son os agrupamentos específicos ou flexibles de carácter transitorio que estarán formados por alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que presenten dificultades xeneralizadas de aprendizaxe. Neste curso non hai agrupamentos específicos na materia de Matemáticas

Por outra banda, cando un alumno é enviado á aula de convivencia o profesor da materia lle asigna as tarefas que debe realizar na mesma co obxectivo de poder continuar co desenvolvemento da clase na súa reincorporación a mesma.

8.2.- MEDIDAS ORDINARIAS CURRICULARES

As medidas ordinarias curriculares enfocadas hacia os reforzos educativos e agrupamentos están relacionadas con:

- Adaptacións de tipo metodolóxico:
 - o Buscar un proceso de aprendizaxe no que todos os alumnos consigan resolver con éxito exercicios “sinxelos”, de xeito que aumente a súa confianza e autoestima para intentar avanzar no dominio das distintas habilidades matemáticas.
 - o Traballar máis na adquisición de destrezas procedimentais e actividades de carácter práctico, manipulativo e constructivo que permitan ser aplicadas para construír os novos coñecementos que permitan ó alumnos incorporarse á metodoloxía xeral da clase.
 - o Fomentar a aprendizaxe cooperativa e a titoría entre iguais.
 - o Propoñer actividades abertas, nas que os diferentes tipos de alumnos poden profundar en distintos niveis.
 - o Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual,

- exposición, búsqueda de información e traballo en grupo.
- Incluir a elaboración de materiais por parte do alumnado formando grupos heteroxéneos potenciando o uso da investigación como metodoloxía favorecedora da aprendizaxe.
 - Emprego de materiais didácticos alternativos ó libro de texto como son cadernos de exercicios, problemas específicos e actividades interactivas con diferentes softwares de certos contidos.
 - Modificar a secuenciación dos contidos.
 - Seleccionar e utilizar materiais curriculares relacionados coas tecnoloxías da información, para aproveitar a súa capacidade de adaptación ás características do alumnado e o seu potencial motivador.
- Adaptacións nos procedementos de avaliación: Para aqueles alumnos que precisen de reforzo educativo terase en conta unha posible diversificación dos procedementos de avaliación tratando de que inclúan estratexias coma:
- Adecuar tempos.
 - Rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado variando, na medida do posible, os tempos, as formas, e os procedementos de recollida de información.
 - Cando sexa necesario, diversificar os tipos de proba sen modificar os contidos, obxectivos e criterios de avaliación.

8.3.- PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

Como consecuencia da situación de crise sanitaria vivida no curso anterior, as unidades programadas na 3ª avaliación quedaron sen traballar ou se viron moi por enriba en todos os niveis. No Anexo I da Memoria Anual do Departamento recóllense de modo detallado as aprendizaxes traballadas e adquiridas polo alumnado en cada curso.

Esta situación fai que este ano as avaliacións iniciais, tanto de inicio de curso como antes de iniciar un bloque ou unidade, sexan aínda máis importantes, coa fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles do curso anterior non adquiridas e que dificultarían a comprensión das aprendizaxes propias do curso actual. Por elo, e tendo en conta os informes elaborados polo/a profesor/a sobre cada alumno/a no curso anterior e o resultado de ditas avaliacións iniciais establecerase un plan de recuperación adaptado a cada alumno/a.

En liñas xerais, e debido a correspondencia que existe nos bloques de contidos dos distintos cursos, a estratexia a seguir basearase en retomar os estándares propios do curso anterior non traballados ao iniciar cada bloque, e unha vez afianzados empezaranse a traballar os contidos do propio curso. Para este fin empregaranse a metodoloxía e os materiais e recursos sinalados no apartado 5 da presente programación.

No caso de que algún alumno/a presente maiores dificultades para acadar o nivel propio do curso, diseñase un plan de apoio específico en coordinación co departamento de orientación.

8.4.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ORGANIZATIVAS

Os/as alumnos/as con adaptación curricular (ver punto 8.5) reciben reforzo educativo por parte dos PTs, coa fin de traballar os contidos de dita adaptación, tanto fora coma dentro da aula ordinaria. O número de días que saen da aula pode variar ao longo do curso, pero inicialmente serán 2 sesións semanais.

8.5.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS CURRICULARES

Neste curso o alumnado que precisa de adaptacións curriculares está aínda por determinar, xa que os alumnos/as con adaptacións en cursos anteriores están a cursar PMAR e FP Básica. No caso de detectar algún alumno que precise desta medida extraordinaria, analizarase o nivel no que se vai a traballar e os profesores da materia e os profesores de PT, xunto coa orientadora do centro, logo de facer unha avaliación de partida e nivel competencial do alumnado co obxectivo de facilitar posteriores aprendizaxes, deseñarán periódicamente e de maneira coordinada as actividades de aprendizaxe que se adecúan ao desenvolvemento das ACIs, así como a metodoloxía máis axeitada para acadar os estándares de aprendizaxe de cada bloque de contidos que se van a traballar.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso desenvolveranse como actividades complementarias a realización de tarefas na aula relacionadas coa Semana da Ciencia, o día do consumidor e a participación no proxecto do plan lector desenvolvido no centro co fin de fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, xa que se emprega constantemente na formulación e expresión de ideas na resolución de exercicios e problemas. Na resolución de problemas adquire especial importancia a expresión oral e escrita nos procesos realizados e nos razonamentos seguidos, posto que axudan a formalizar o pensamento. A propia linguaxe matemática é, en sí mesma, un vehículo de comunicación de ideas que destaca pola precisión nos seus termos e pola súa gran capacidade para transmitir conxeturas gracias a un léxico de carácter sintético, simbólico e abstracto.

10.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN HORARIA

- Miguel Ángel Varela López
- Rita Calleja Meilán
- Sharay Astariz Níñez (Xefa de Departamento)
- Profesor/a provisional a media xornada

NIVEL	GRUPOS	PROFESOR/A
1º ESO (10 horas)	A	Profesor provisional
	B	Rita Calleja Meilán
2º ESO (5 horas)	A	Profesor Provisional
3º ESO (4 horas)	ACADÉMICAS	Sharay Astariz Núñez
	APLICADAS	Miguel A. Varela López
	BILINGÜES	Rita Calleja Meilán
4º ESO (8 horas)	ACADÉMICAS	Sharay Astariz Núñez
	APLICADAS	Rita Calleja Meilán
1º BACH (8 horas)	Matemáticas I	Sharay Astariz Núñez
	Matemáticas aplicadas ás CCSS I	Miguel A. Varela López
2º BACH (8 horas)	Matemáticas II	Miguel A. Varela López
	Matemáticas aplicadas ás CCSS II	Rita Calleja Meilán
PMAR II (8 horas)		Miguel A. Varela López
2º FP Básica (7 horas)		Sharay Astariz Núñez

11.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Res.27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Apartado
a	<i>Introdución e contextualización</i>	3
b	<i>Contribución ás competencias básicas</i>	4
c	<i>Concreción dos obxectivos para curso</i>	4
d	Concreción para cada estándar	4
	<i>1º.- Temporalización</i>	4
	<i>2º.- Grao mínimo de consecución</i>	4
	<i>3º.- Procedementos e instrumentos avaliación.</i>	4
e	<i>Concrecións metodolóxicas</i>	5
f	<i>Materiais e recursos didácticos</i>	5
g	<i>Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción</i>	6
h	<i>Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.</i>	7
i	<i>Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes</i>	6
j	<i>Procedemento acreditación coñecementos previos</i>	6
k	<i>Avaliación inicial e medidas</i>	6
l	<i>Medidas de atención á diversidade</i>	8
m	<i>Concreción de elementos transversais</i>	4
n	<i>Actividades complementarias e extraescolares</i>	9
ñ	<i>Revisión, avaliación e modificación da programación</i>	7

Esta programación foi aprobada polos membros do departamento na reunión do departamento de matemáticas do día 15/09/2021.

Asinan a presente programación didáctica do curso 2021-2022 do departamento de Matemáticas do IES de Monterroso,

A xefa de departamento




Asdo. Sharay Astariz Núñez

Profesor



Asdo. Rita Calleja Meilán

Profesor



Asdo. Miguel A. Varela López

En Monterroso, a 15 de setembro de 2021

ANEXO I

Protocolo COVID

TIPO DE EDUCACIÓN	SEGUIMIENTO DAS CLASES	METODOLOXÍA	ESTÁNDARES	AVALIACIÓN
EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL Por alumnado, positivo ou corentena dentro dun grupo, xa sexa por 15 días ou por un tempo indeterminado.	Cando? 2/3 sesións semanais	Actividades Ampliación e reforzo	Os que se traballen durante o periodo semipresencial no grupo ordinario.	Procedementos: Observación do traballo, probas específicas.
		Metodoloxía Explicación e actividades de afianzamento.		Instrumentos: Rexistros e rúbricas.
	Como? Por videoconferencia, vídeos gravados ou tutoriais.	Materiais e recursos Fichas, libro, vídeos, Aula virtual, Webex, Apps.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia.
EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL De todo o grupo, por un período indeterminado.	Cando? 2/3 sesións semanais	Actividades Ampliación e reforzo	Os que se toque traballar durante o periodo semipresencial	Procedementos: Observación do traballo, probas específicas.
		Metodoloxía Explicación e actividades de afianzamento.		Instrumentos: Rexistros e rúbricas.
	Como? Por videoconferencia, vídeos gravados ou tutoriais.	Materiais e recursos Fichas, libro, vídeos, Aula virtual, Webex, Apps.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia.
EDUCACIÓN NO PRESENCIAL No caso de confinamento ou peche do IES	Cando? Horario fixado polo centro.	Actividades Ampliación e reforzo	Os que teñan un valor do 100% na programación de referencia	Procedementos: Observación do traballo, probas específicas
		Metodoloxía Explicación e actividades de afianzamento.		Instrumentos: Rexistros e rúbricas.
	Como? Por videoconferencia, vídeos gravados ou tutoriais.	Materiais e recursos Fichas, libro, vídeos, Aula virtual, Webex, Apps.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia modificado ou non segundo a decisión tomado polo centro.

ANEXO II

PD PMAR II

